



NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal que deseguido lle notifico:

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: venres 26 de xuño de 2020

Hora: 20:00

Lugar: SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

- I. Acta da sesión celebrada o 29 de maio de 2020.
- II. Acta da sesión celebrada o 15 de xuño de 2020.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

2. Proposta da alcaldía relativa a relativa a Modificación da Ordenanza Reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa (BOP nº 299 do 31.12.1998).

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

3. Proposta da Alcaldía relativa á cesión gratuita a Xunta de Galicia, da antiga Casa Consistorial de Cee (ou antiga casa da música, RC 4759903MH8545N0001RJ) para adicar a nova oficina de emprego da área funcional de Cee.
4. Proposta da Alcaldía relativa á creación da Comisión Especial Post Desescalada COVID-19.



B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

1. Dar conta de resolucións da alcaldía para coñecemento: Nº 321/2020 do 25 de maio á Nº 406/2020 de 19 de xuño.
2. Mocións de urxencia.
3. Rogos e preguntas.

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Cee, luns 22 de xuño de 2020

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela